



Bo Nadal

Panxoliña do Nadal

*Hai un vento cheo de frío
apousado nos camiños.*

*E no ar un asubío
todo cheo de aloumiños.*

*pero un vento milagreiro
nascerá pol-o Nadal.*

*Brilará coma un luceiro
pra alomear o portal.*

*Xa nas ponlas dun carballo
nasceu un vento ventiño;
ten doces versos de orballo
e azas de paxariño.*

*Ten azas de paxariño
e craridades de día,
que llas deu Jesús Neniño
e Santa Virxe María.*

Manuel María
Lugo, Nadal, 1951



Dende a Sociedade Deportiva Villestro
queremos desexarlle de todo corazón unhas Felices Festas
e que o 2021 devolva toda a saúde e felicidade
que nos restou o ano que está a rematar.

Bo Nadal. Feliz Ano Novo



Sociedade Deportiva Villestro